




Rotulou: Ernesto Barro Jiménez, ex alumno

XESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Párroco de Begonte e
Presidente do Centro Cultural
«Xosé Domínguez Guizán»



«A ilusión e o traballo sempre acompañaron esta iniciativa, e impulsaron aquel pequeno Belén no que só un puñado de figuras se movían ata chegar ao momento actual»

«O futuro está sempre nas mans do Señor... pero seguimos a traballar para perfeccionar o belén»

En Begonte, no Centro cultural «José Domínguez Guizán», atopamos ao Presidente deste Centro, entidade promotora do Belén Electrónico de Begonte. E diante do Belén, comezamos a falar.

- ¿Qué ocorre en Begonte, Don Jesús, para que xa hai moitos anos, os rapaces de «Amencer» bautizaran a este pobo como «Begonte do Belén?


- Pois ocurríu que meu irmán José, o que lle da nome a este Centro Cultural, daquela párroco de Begonte, como eu hoxe que o sucedín á fronte da parroquia hai xa trinta anos, en 1986, no Nadal de 1982, quixo facer un Belén especial para que os maiores e os nenos de Begonte tivesen unha referencia e un elemento físico que lles permitira mellor achegarse e entender o feito do nacemento do Noso Señor; que a través de elementos da nosa terra, da nosa tradición, puidesen acceder á alegría e ao misterio de que todo un Deus, por nós, por todo o xénero humano, nacera entre nós nun lugar humilde, pequeno, tal como Begonte da Terra Chá.

- E como foi posible que naquel Ionxano 1972 xurdise algo tan actual, tan entrañable, tan «moderno» se nos permite expresar ese concepto?

- Certo que naquel tempo a palabra «electrónico» era algo descoñecido por moita xente. Meu irmán contou desde o primeiro momento coa colaboración de alguén que sabía moito de técnica, de arte, de artesanía,

*Meu irmán José,
quixo facer un
Belén especial
para que os
maiores e os
nenos de
Begonte tivesen
unha referencia
e un elemento
físico que lles
permitira mellor
achegarse e
entender o feito
do nacemento
do Noso Señor*

de electricidade... era José Rodríguez Varela, Joselín para todos os begontinos, que puxo da súa parte todos os seus «talentos» de imaxinación, coñecementos técnicos, dedicación, e unha entrega absoluta a poñer en marcha en Begonte algo diferente; algo que diferenciase a Begonte dos outros pobos da Chairea e de Galicia. E como tiveron noticia de que no Centro de Formación Profesional Acelerada de A Coruña iba a funcionar aquel ano un Belén movido por electricidade, aló se foron para velo, para coñecer o seu funcionamento, e poder reproducir en Begonte o que na Coruña foi unha auténtica innovación. E aquel mesmo Nadal de 1972 puxeron en marcha o primeiro Belén Electrónico de Begonte, como un paso máis na técnica e no achegamento á realidade da contorna, mellorando o exemplo e maravillándonos a todos.



O misterio do Belén de Begonte

- Como era aquel primeiro Belén?

- Chamou extraordinariamente a atención de todos os que o viron. Era, claro

*Meu irmán
contou desde o
primeiro
momento coa
colaboración de
alguén que
sabía moito de
técnica, de arte,
de artesanía, de
electricidade...
era José
Rodríguez
Varela*

*E aquel mesmo
Nadal de 1972
puxeron en
marcha o
primeiro Belén
Electrónico de
Begonte*

Houbo que improvisar case todo... as figuras do belén eran bonecos mercados en xugueterías, aos que Varela transformaba en persoeiros bíblicos e chairegos...

A ilusión e o traballo sempre acompañaron esta iniciativa, e impulsaron aquel pequeno Belén

está, moito más pequeno que o actual, quizáis de catro ou seis metros cadrados, no que as principais figuras se movían dando unha vida especial a algo que normalmente é estático... Houbo que improvisar case todo... as figuras do belén eran bonecos mercados en xugueterías, aos que Varela transformaba en persoeiros bíblicos e chairegos... Despois de descompoñelos en diversas partes, dotábaos de movemento... movemento que recibían despois de conseguir o funcionamento de varios motores aos que había que reducirllles moito as revolucións para que os movementos fosen acompasados, todo regulado por un mecanismo de control rexido por un programa –nos tempos en que os ordenadores entre nós eran algo descoñecido- que orixinaba unha secuencia onde era posible ver como as figuras cobraban vida, proporcionaban a ilusión de que estaban vivas, e esa ilusión desencadenaba entre os que visitábamos aquel belén sentimientos de admiración, de loubanza e de fe.


- E, desde entón, foi medrando e medrando ata hoxe?

- Hai que ter en conta que nesta tarefa, Begonte leva corenta e catro anos, e esta edición é xa a número XLV. Os comezos sempre son difíceis, pero a ilusión e o traballo sempre acompañaron esta iniciativa, e impulsaron aquel pequeno Belén no que só un puñado de figuras se movían ata chegar ao momento actual. Dunha superficie de catro ou seis metros cadrados foise chegando á actualidade onde arredor de oitenta metros

cadrados conteñen máis de medio cento de figuras ou conxunto de figuras en movemento, e no que se reproducen a noite e o día, corre a auga, vese nevar e lostregar, aparece o Anxo da Boa Nova, e pequenos e maiores se ven transportados desde esta «lanzal Galilea» galega (como dixo Fiz Vergara Vilariño) aos tempos do nacemento do noso Señor, hai vinte séculos, nun entorno plenamente chairego, para mellor vencellar aquel senlleiro acontecemento coa nosa realidade rural de sempre.

- Dous homes sós conseguiron ese milagro?

- Nunca estiveron sós, áinda que os dous son –inspirador e creador– unha doble «alma mater» desta iniciativa. Pero ocorre que, desde o primeiro momento, Begonte,



José Domínguez Guizán

e toda a comarca, se involucraron na iniciativa... E xa o primeiro ano, o Belén foi punto de referencia



José Rodríguez Varela

... pequenos e maiores se ven transportados desde esta «lanzal Galilea» galega (como dixo Fiz Vergara Vilariño) aos tempos do nacemento do noso Señor, hai vinte séculos, nun entorno plenamente chairego

Desde o primeiro momento, Begonte, e toda a comarca, se involucraron na iniciativa...

... foron todo un símbolo do espíritu do Nadal, de xuntarse para conseguir algo diferente que a todos conmovía, que a todos alegraba, e que era ademais un elemento de unión de todo o pobo

do Nadal begontino e chairego... e houbo colaboracións manuais ou de atención do belén, apoios morais e materiais, que tamén foron todo un símbolo do espíritu do Nadal, de xuntarse para conseguir algo diferente que a todos conmovía, que a todos alegraba, e que era ademais un elemento de unión de todo o pobo. Moi axiña se creou o Centro Cultural de Begonte impulsor do Belén, e andando o tempo, os socios e amigos do Belén, por iniciativa propia, un Nadal, colocaron unha placa na entrada proclamando que o Centro se chamaría desde entón «José Domínguez Guizán». Ben anos despois, o Museo do Belén, onde se recollen numerosas pezas que no seu momento integraron o Belén, recibiu o nome de «José Rodríguez Varela». Así, os dous creadores do Belén que, por desgracia, hai tempo que non están fisicamente entre nós, teñen xusta lembranza nesta institución.

- Como se conxeniou esta obra belenística para que se manteña a tradición e o misterio, á vez que se respecte o contorno rural da comarca?

- Desde o momento quedou moi claro que había que vencellar a universalidade do nacemento de Xesús coa realidade local que nos rodea. E agora que está recoñecido por todos que o local trascende ao universal, en Begonte conseguíuse hai moitos anos demostrar que é perfectamente posible que un feito universal se traslade, se incardine, na nosa terra. E as esceas que se ven no noso

Belén demóstrano. O Castelo de Herodes pode ser calquera castelo medieval da nosa terra, o Portal de Belén é unha palleira chairega, os pescadores do río, os que serran, o carpinteiro... todos son perfectamente recoñecibles como nosos... e todas as casas que aparecen no Belén están feitas, pedra a pedra, con esa pedra delgada da chaira, pouco más ancha ca unha lousa, que conforman edificios de pedra e madeira, nos que sempre vivimos as xentes do rural da Terra Chá.

- E como ser leva eso de ser «Begonte do Belén».?

- Moi ben, moi ben... Ao principio foi o Belén, pero logo empezaron moi axiña os certames culturais, e por fin tamén o Museo do Belén. No Museo recollemos aquelas figuras e edificios que foron retirándose o Belén, xa que cada ano se ven facendo unha pequena ou gran renovación. E así no Museo está á vista a primeira maquinaria, figuras do misterio, casas... Nunca quixemos tirar nada, porque todo forma parte da vida do Belén, e polo tanto da nosa vida. En canto aos Certames culturais foron e son o complemento perfecto do Belén... e houbo concurso de belenes, de ambientación navideña, de poesía infantil, de debuxo, de paxoliñas... pero os que foron tomando especial carta de natureza son os Xornalismo, Poesía, Debuxo infantil (todos eles xa na XLI edición) e o de Pintura (xa na edición número XXVII). E precisamente, froito dun dos Certames de Periodismo, a

Desde o momento quedou moi claro que había que vencellar a universalidade do nacemento de Xesús coa realidade local que nos rodea

No Museo recollemos aquelas figuras e edificios que foron retirándose o Belén, xa que cada ano se ven facendo unha pequena ou gran renovación

comezos de 1990, o colectivo AMENCER bautiza a este pobo como «Begonte do Belé» e este nome desdeentón identifícanos, nas institucións oficiais, en toda a xente que nos visita. E Begonte, todos os seus habitantes, e o seu Concello á fronte, fai honra a este nome, arroupa ao Belén, e fainos sentir satisfeitos e agradecidos.

... froito dun dos Certames de Periodismo, a comezos de 1990, o colectivo AMENCER bautiza a este pobo como «Begonte do Belé» e este nome desdeentón identifícanos, nas institucións oficiais, en toda a xente que nos visita.



1972: Monseñor Arauxo bendicindo o Belén

- Que foi o mellor de todos estes anos?

- A permanencia da ilusión, tan forte coma nos primeiros momentos. A ilusión que impulsou a meu irmán José e a Varela (Joselín), arrastrounos a todos, impulsounos a todos... José deixounos hai trinta anos, pero o seu espírito permanece entre nós. Non só en min, que é o más natural, por ser seu irmán e continuador á fronte da parroquia, senón tamén en todo o gran equipo que fai posible que o Belén perviva, se manteña, e medre. E medre por dentro e por fóra, porque ao Belén físico hai que reconocerlle que está arroupado

por outro Belén espiritual, que aniña no interior de cada un de nós, e que fai que o belén exterior e todas as actividades que o rodean estea cada vez máis vivo. E Joselín, que morreu no verán de hai xa seis anos, vive entre nós non só no nome do Museo do Belén, senón pola permanente compañía e axuda da sua viúva, Pilar Gómez, nomeada hai moitos anos «Señora do Belén», e dos seus fillos Pilarita e Josiño. A lembranza dos fundadores, con tantos vencellos permanentes connosco, é o acicate e o ánimo que nos impulsa a todos a continuar o seu labor.

- O Belén foi declarado «de interese turístico galego».

- Si... foi unha especial visión que nos confortou, porque non tiñamos pensado nela. Sempre pensamos no aspecto espiritual, cultural, social... pero non nos fixaramos no aspecto turístico, aínda que xa o fundador naquel primeiro momento buscaba algo diferente para Begonte, algo que fixera que os galegos acudiran a Begonte... turismo, ao fin e ao cabo, polas motivacións que movan a cada un de nós. Pero pensando que cada ano alrededor de 40.000 persoas veñen ver o Belén e o seu Museo, enténdese perfectamente a distinción que agradecemos, como agradecemos o apoio da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Lugo, de Abanca, da Caixa Rural Galega e, desde logo, e moi especialmente, do Concello de Begonte. Entre todas estas institucións fan posible que o noso esforzo chegue a bo termino, que poidamos financiar os certames

*A lembranza
dos fundadores,
con tantos
vencellos
permanentes
connosco, é o
acicate e o
ánimo que nos
impulsa a todos
a continuar o
seu labor*

*Sempre
pensamos no
aspecto
espiritual,
cultural,
social... pero
non nos
fixaramos no
aspecto turístico*

culturais, publicar os traballos premiados, ir dotando ao Belén dunha pinacoteca froito dos premios do Certame Galego de Arte, e desenvolver toda a nosa acción cultural, social e –naturalmente- relixiosa.

- ¿Cómo se presenta esta XLV edición?

Se ata agora o Belén e as súas accións foron «in crescendo», non vai este ano ser a excepción. Cumprimos a tradición de que cando hai un novo bispo en Mondoñedo, ese ano é o pregoeiro. E o pregón será pronunciado por Monseñor Luis Angel de las Heras, bispo de Mondoñedo Ferrol, ao que acompañarán cos seus cantos os membros do coro Mosaico, do Movemento Xuvenil Mercedario do Colexio Tirso de Molina de Ferrol, dirixido por Mati Riobóo Estripot. Tendo en conta que a benemérita asociación Aspnais, de promoción das persoas con discapacidade intelectual, de Lugo, ven de cumplir cincuenta anos, usuarios desta asociación ofrecerán ao Neno os seus agasallos, confeccionados nos diversos talleres ocupacionais da institución. Convocaremos os xa tradicionais certames de Poesía, Xornalismo, Arte e Debuxo infantil, expoñeranse as obras do Certame de Arte en Lugo e en Begonte, e a clausura das actividades deste especial Nadal que case dura dous meses (do primeiro sábado de decembro ao último sábado de xaneiro), na que se entregarán os premios dos diversos certames, estará a cargo da Agrupación das


- Se ata agora o Belén e as súas accións foron «in crescendo», non vai este ano ser a excepción. Cumprimos a tradición de que cando hai un novo bispo en Mondoñedo, ese ano é o pregoeiro. E o pregón será pronunciado por Monseñor Luis Angel de las Heras, bispo de Mondoñedo Ferrol, ao que acompañarán cos seus cantos os membros do coro Mosaico, do Movemento Xuvenil Mercedario do Colexio Tirso de Molina de Ferrol, dirixido por Mati Riobóo Estripot. Tendo en conta que a benemérita asociación Aspnais, de promoción das persoas con discapacidade intelectual, de Lugo, ven de cumplir cincuenta anos, usuarios desta asociación ofrecerán ao Neno os seus agasallos, confeccionados nos diversos talleres ocupacionais da institución. Convocaremos os xa tradicionais certames de Poesía, Xornalismo, Arte e Debuxo infantil, expoñeranse as obras do Certame de Arte en Lugo e en Begonte, e a clausura das actividades deste especial Nadal que case dura dous meses (do primeiro sábado de decembro ao último sábado de xaneiro), na que se entregarán os premios dos diversos certames, estará a cargo da Agrupación das

Escolas municipais de música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, dirixida por Armando Morales. E, en canto ao Belén, mantendo o esencial, despois de terlle incorporado na anterior edición unha figura que lembra ao seu creador, José Rodríguez Varela, redistribúense as figuras dun xeito novo, procurando maior visibilidade dalgunha delas, poténciase a iluminación e, en fin, ponse a punto a instalación para que en todo momento resulte moi atractiva para nenos e maiores.

- E o futuro?

- O futuro está sempre nas mans do Señor... pero seguimos a traballar para perfeccionalo. Somos un grupo de xente que disfrutamos enormemente co que facemos, especialmente sabendo que somos mensaxeiros de illusión e de paz para tantos milleiros de persoas. A nosa intención é seguir mellorando no posible as nosas accións. Nestes últimos anos, como respecto á obra de Joselín, o creador do Belén, mantivemos todas as figuras como el as deixou... E agardamos que no futuro poidamos introducir as modificacións que o tempo vaia propiciando, froito de novos artistas que queiran colaborar connosco.

Gracias, Don Jesús, noraboa, e ánimo para perseverar na empresa.



XULIO XIZ RAMIL

O futuro está sempre nas mans do Señor... pero seguimos a traballar para perfeccionalo

E agardamos que no futuro poidamos introducir as modificacións que o tempo vaia propiciando, froito de novos artistas que queiran colaborar connosco